



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### ANTECEDENTES

Avance dos contaxios polo coronavirus COVID-19 e o incremento progresivo das medidas de prevención e contención adoptadas polo autoridades sanitarias, entre as que se atopa a promoción de traballo non presencial.

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE n.º 67 do 14 de marzo de 2020).

Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao acord do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG n.º 51 do 15 de marzo de 2020).

### RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Crear unha comisión de seguemento da evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias, formada polas seguintes persoas: alcalde, concelleiro de facenda, secretario-interventor e presidente de Protección Civil.

As reunións do dito comité terán lugar, preferentemente, a través de medios telemáticos, telefónicos ou videoconferencia.

O alcalde, como presidente do comité poderá convocar ás sesións do mesmo a responsables técnicos municipais así como contar co asesoramento necesario segundo as necesidades de cada momento.

Este comité fará un continuo seguemento da evolución da situación e propondrá medidas novas ou complementarias das adoptadas, ao tempo que coordinará a resposta municipal á crise.

**SEGUNDO.** Ordear que todo o persoal municipal cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dendo do seu domicilio na modalidade de traballo non presencial.

**TERCEIRO.** Ordenar que todo o persoal que realicen funcións que non podan ser desempeñadas mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

desempeñen funcións de carácter crítico para o funcionamento da Administración municipal.

En todo caso, considérase persoal con funcións de carácter crítico ao persoal directivo o vinculado a funcións tales como a seguridade, mantemento de edificios e servizos así como o persoal con funcións de carácter crítico deberá acudir ás dependencias municipais cando o desempeño das súas funcións así o esixa e en tal sentido se determine.

**CUARTO.** Ordenar que, nos casos excepcionais nos que unha función crítica deba desempeñarse de xeito presencial, estableceranse as quendas imprescindibles para a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxios laborais. A fixación das quendas fixarase pola Alcaldía e comunicarase mediante correo electrónico.

**QUINTO.** Suspende a atención ao público de xeito presencial, debendo limitarse á atención telefónica (981 513 061) e as través dos seguintes correos electrónicos:

[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

[concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

A atención á cidadanía, con carácter xeral canalizarase a través do teléfono 012.

Os servizos administrativos municipais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, en servizos mínimos; a atención presencial será mediante cita previa telefónica (981 513 061) e que serán atendido polo seguinte persoal (mínimo):

Rexistro Xeral de Entrada: 1 persoa

Secretaría-Intervención: 1 persoa

Urbanismo: 1 persoa

Servizos sociais: para garantir a prestación do servizo de axuda no fogar (atencións de carácter persoal e as domésticas que resulten imprescindibles) nos domicilios das persoas que viven soas ou que, non sendo así, presenten unha situación de especial necesidade segundo a valoración técnica que se realice de cada caso. Limitarase e/ou reducirase a prestación deste servizo naqueles casos en que exista unha rede de apoio familiar que lle poida dispensar os coidados que precisen de forma temporal e atendendo á especial situación de excepcionalidade.

Protección Civil. ponse á disposición da Goberno de España e a Xunta de Galicia para a prestación dos seus servizos.

**SEXTO.** Dispoñer que todos aso empregados públicos municipais terán que permanecer localizables e terán que reincorporarse aos seus postos de traballo presenciais se así se lles require por necesidades excepcionais de servizo.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

**SÉTIMO.** Establecer que as medidas de carácter extraordinario ordenadas terán a duración imprescindible para dar resposta á situación que motiva a súa adopción, e poderán ser revogadas por necesidades excepcionais de servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.

**NOVENO.** Suspender por un prazo de 15 días e en tanto dure o estado de alarma, todas as actividades municipais deportivas, culturais e de servizos que se realicen ou estean programadas en todos os centros públicos locais

**DÉCIMO.** Suspender por un prazo e 15 días e en tanto dure o estado de alarma calquera actividade de carácter formativo, docente, comercial, lúdica, festivo, etcétera que supoña a concentración de persoas en dependencias ou espazos públicos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.** Prohibir por un prazo de 15 días e en tanto dure o estado de alarma a utilización dos parques infantís do Concello de Boqueixón.

**DÉCIMO SEGUNDO.** Adoptar, por un prazo de 15 días e en tanto dure o estado de alarma, as seguintes medidas cautelares:

1) Suspender as sesións dos órganos colexiados (Pleno do Concello, Comisións informativas, Xunta de Goberno Local e mesas de contratación).

2) Suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos do Concello de Boqueixón. O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vixencia o estado de alarma, esto non obstante a que a Alcaldía poda acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrucción estritamente necesarias para evitar prexuízos graves non dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo. Así mesmo, suspéndense os prazos de prescripción e caducidade da calquera acción e dereito.

3) Suspéndese todas as autorizacións municipais para eventos, charlas, coloquios, etcétera, así como as actividades culturais, sociais, deportivas e lúdicas impartidas dende o concello e realizadas en edificios públicos municipais.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor